DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 224 Luns, 25 de novembro de 2019 Páx. 50091

## VI. ANUNCIOS

## A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*RESOLUCIÓN do 13 de novembro de 2019, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se aproba a modificación dos estatutos da Real Academia de Farmacia de Galicia.*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 7 de novembro de 2019, acordou «aprobar a modificación dos estatutos da Real Academia de Farmacia de Galicia, conforme o establecido no artigo 5 do Decreto 392/2003, do 23 de outubro, polo que se regula o exercicio pola Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de academias de Galicia, que quedan redactados segundo o anexo adxunto».

Polo anterior, e de conformidade co disposto no artigo 8 da Orde do 8 de abril de 2005 pola que se desenvolve o citado Decreto 392/2003, do 23 de outubro, no referente á creación das academias de Galicia e o seu rexistro xeral, así como ao procedemento de inscrición nel, procédese, para xeral coñecemento, á publicación dos referidos estatutos, os cales se incorporan como anexo á presente resolución.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2019

Alberto Fuentes Losada
Secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade

ANEXO

**Estatutos da Real Academia de Farmacia de Galicia**

CAPÍTULO I

**Disposicións xerais**

Artigo preliminar. *Antecedentes*

A Real Academia de Farmacia de Galicia principia a súa andaina o 12 de abril de 1994 como Sección Galega da Real Academia de Farmacia –na actualidade Real Academia Nacional de Farmacia– por acordo unánime da xunta xeral desta institución, pasando a formar parte da devandita sección todos os membros da Real Academia de Farmacia residentes en Galicia.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6

Tras a constitución dos seus órganos de goberno, tivo lugar a súa presentación pública en sesión solemne no pazo de Fonseca, antiga sede da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela, coa asistencia das máximas autoridades galegas e da Real Academia de Farmacia. Desde aquela comezou a desenvolver o seu propio programa científico e a incorporar os seus primeiros membros de número.

Contando a Sección Galega cos seus sete primeiros académicos de número, solicítase, de acordo coa estratexia pactada entre as dúas institucións, a súa segregación da Real Academia de Farmacia para se constituír como entidade de seu. Con data do 9 de outubro de 2001, a xunta de goberno da Real Academia de Farmacia aproba a devandita solicitude e, en xaneiro de 2002, recibiuse o apoio e a valoración positiva do Instituto de España.

Tras asumir a Comunidade Autónoma de Galicia as competencias en materia de academias e regular o seu exercicio (Decreto 373/2003, do 16 de outubro, e Decreto 392/2003, do 23 de outubro), a Xunta de Galicia aprobou, mediante o Decreto 156/2004, do 1 de xullo (DOG do 19.7.2004), a creación da actual Real Academia de Farmacia de Galicia, a súa adscrición á Consellería de Sanidade e os estatutos da corporación.

Artigo 1. *Natureza*

1. A Real Academia de Farmacia de Galicia é unha corporación de dereito público que se rexe por estes estatutos, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar e integrada por todos os membros que a compoñen.

2. O ámbito de actuación da Real Academia alcanza toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. *Sede*

A Real Academia de Farmacia de Galicia ten a súa sede no Antigo Hospital de San Roque, rúa San Roque nº 2, Santiago de Compostela.

Artigo 3. *Adscrición administrativa*

De conformidade co previsto no artigo 2 do Decreto 156/2004, do 1 de xullo, polo que se crea a Academia de Farmacia de Galicia, mantense a súa adscrición á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6

Artigo 4. *Fins*

Os fins da Real Academia de Farmacia de Galicia son:

a) O fomento da investigación e o estudo das ciencias farmacéuticas e das relacionadas coa farmacia e, en particular, daqueles aspectos que teñan especial interese para Galicia.

b) O asesoramento aos organismos e entidades públicas naqueles campos que lle son propios.

c) O asesoramento ás institucións privadas que llo soliciten, baixo as condicións que a propia Real Academia considere convenientes.

d) A elaboración de estudos e informes sobre materias vinculadas coa profesión farmacéutica e as súas actividades.

e) O fomento das relacións con outras institucións relacionadas coa farmacia.

f) A creación e conservación de fondos materiais e documentais relacionados coa docencia, a investigación e a profesión farmacéutica.

g) A divulgación científica e formación permanente dos profesionais da farmacia.

h) A difusión social das ciencias farmacéuticas a través da web, campus virtual, cursos, seminarios, conferencias e calquera outro procedemento.

i) O recoñecemento mediante premios, diplomas ou distincións das actividades que redunden en beneficio da farmacia e da propia Real Academia.

j) A realización doutras actividades que lle sexan encomendadas ou delegadas, directamente relacionadas cos fins da Real Academia.

Artigo 5. *Símbolos*

A Real Academia de Farmacia de Galicia identificarase mediante os seguintes símbolos:

1. Unha medalla configurada cun óvalo gravado no anverso e o reverso. O anverso vai orlado pola lenda «Real Academia de Farmacia de Galicia», coas letras en ouro sobre fon-

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

do azul escuro. O núcleo, sobre fondo morado, inclúe o emblema tradicional da Farmacia, composto pola copa de Hygea e unha serpe enroscada, en metal dourado. Pola súa vez, este conxunto está orlado por unha póla de carballo á esquerda e outra de loureiro á dereita, en cor verde clara. O reverso componse dun óvalo de cor azul celeste, cun cáliz e unha hostia acompañados de sete cruces en ouro, tres a cada lado e unha no centro do xefe, en alusión ao escudo oficial de Galicia.

2. Un escudo, reproducido como timbre en toda a súa correspondencia e documentación oficial, que repite o anverso e o reverso da medalla descrita no punto 5.1.

3. Unha insignia configurada por un óvalo orlado coa lenda «Real Academia de Farmacia de Galicia» coas letras en ouro sobre fondo azul escuro. O núcleo, sobre fondo azul celeste, inclúe o emblema tradicional da Farmacia e seis cruces, tres a cada lado, todo iso en metal dourado. Pola súa vez, este conxunto está orlado por unha póla de carballo á esquerda e outra de loureiro á dereita, en cor verde clara.

## CAPÍTULO II
## **Dos académicos e académicas**

Artigo 6. *Académicos e académicas de número*

A Real Academia de Farmacia de Galicia está constituída polos membros de distintas clases, ata un número máximo que se indica, de ser o caso.

a) Vinte e cinco de número.

b) Académicos de número eméritos.

c) Cinco de honra.

d) Cincuenta correspondentes.

Artigo 7. *Académicos e académicas de número*

1. Para ser elixido académico de número é necesario cumprir as seguintes condicións:

a) Ser galego de acordo co artigo 3.1 do Estatuto de autonomía de Galicia.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6

b) Posuír a licenciatura ou o grao en Farmacia ou en ciencias afíns e estar en posesión do título de doutor.

c) Destacar no campo científico ou técnico relacionado coa farmacia ou en ciencias afíns.

2. Do total de académicos de número, polo menos quince posuirán a licenciatura ou grao en Farmacia e polo menos cinco serán licenciados ou graduados en ciencias afíns.

3. A Real Academia de Farmacia de Galicia cubrirá as vacantes indicando a quenda correspondente a licenciados ou graduados en Farmacia ou en ciencias afíns. Con antelación suficiente comunicarase aos académicos de número e de número eméritos as vacantes que vaian saír a concurso.

4. Convocado o concurso para a cobertura dunha praza determinada, a solicitude irá acompañada dunha declaración de cumprimento das condicións básicas indicadas no punto 7.1 e dun *curriculum vitae* en que figuren os méritos que os aspirantes consideren convenientes. A solicitude deberá estar avalada por tres académicos de número ou de número eméritos

5. As solicitudes admitidas en tempo e forma serán sometidas á xunta xeral extraordinaria convocada para o efecto, que quedará validamente constituída pola presenza de máis da metade do total de membros de número e de número eméritos. A votación será secreta. Para a elección en primeira votación será necesario obter, polo menos, o voto favorable de dous terzos dos votos emitidos, entre os cales se contarán os enviados por correo, ou por calquera outro medio que garanta a súa confidencialidade, por parte dos académicos que xustifiquen a imposibilidade de asistir á sesión. Se ningún dos aspirantes conseguise os votos necesarios, procederase a unha segunda votación na que será necesario alcanzar, polo menos, o voto favorable de dous terzos dos presentes. De ter que proceder a unha terceira votación, requirirase obter o voto favorable de máis da metade dos asistentes. O procedemento que se seguirá será o que determine o Regulamento de réxime interior da Real Academia.

6. As persoas que resulten electas terán a obriga de ler o seu discurso de ingreso nos termos que fixe o Regulamento de réxime interior.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6

Artigo 8. *Académicos e académicas de número eméritos*

1. As persoas que teñan a condición de académicos de número pasarán automaticamente a membros de número eméritos nos seguintes supostos:

a) Ao cumprir setenta e cinco anos de idade.

b) Por solicitude fundada en motivos xustificados, sen reunir o requisito da idade, logo de aprobación pola xunta de goberno.

2. O paso a académico de número emérito supón deixar vacante a súa praza de numerario.

Artigo 9. *Académicos e académicas de honra*

1. Poderán ser elixidos académicos de honra aqueles que polos seus traballos en ciencias farmacéuticas ou afíns alcancen un relevante prestixio, ou que destaquen polas súas contribucións á farmacia desde calquera outro campo.

2. Serán propostos pola xunta de goberno ou por dez compoñentes de número ou de número eméritos mediante informe razoado, e serán sometidos á súa aprobación en xunta xeral extraordinaria, validamente constituída de acordo co Regulamento de réxime interior, nunha única votación secreta, para o cal se requirirán os votos favorables de, polo menos, dous terzos dos emitidos, entre os que se contarán os enviados por correo ou por calquera outro medio que garanta a súa confidencialidade. Para a votación e demais procedementos seguirase o establecido no Regulamento de réxime interior.

Artigo 10. *Académicos e académicas correspondentes*

1. Para ter esta condición requirirase estar en posesión da licenciatura ou do grao en Farmacia ou en ciencias afíns, e que, polos seus méritos e relevancia científica ou polos seus traballos a favor dos fins propios da Real Academia, merezan tal distinción.

2. As propostas para cubrir as vacantes estarán avaladas por tres membros de número ou de número eméritos. As votacións terán lugar en xunta xeral ordinaria. O procedemento de elección será análogo ao dos compoñentes de número.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6

3. Os que resulten electos terán a obriga de ler o seu discurso de ingreso nos termos que fixe o regulamento. Nos casos xustificados, esta lectura poderá ser delegada nun membro de número.

4. Os correspondentes maiores de setenta e cinco anos non contarán para efectos do límite máximo previsto no artigo 6.d).

Artigo 11. *Dereitos dos académicos e académicas*

De forma xeral, os compoñentes da Real Academia teñen dereito ao uso do seu título de académico coa obriga de expresar a clase a que pertencen, así como asistir ás sesións públicas da Real Academia, mostrando a súa medalla, e usala como emblema nos actos que determine o Regulamento de réxime interior.

1. Son dereitos dos membros de número:

a) O tratamento de Ilustrísimo señor.

b) Voz e voto en todas as xuntas e sesións.

c) Posibilidade de ser elixido para desempeñar calquera cargo da Real Academia.

d) Formar parte, con voz e voto, de calquera das comisións e seccións existentes na Real Academia.

e) Propoñer membros de número, correspondentes e, de ser o caso, de honra.

f) Percibir con cargo aos fondos da corporación a compensación polos gastos derivados da súa participación en actividades encomendadas pola Real Academia ou en representación dela.

2. Son dereitos dos compoñentes de número eméritos:

Desfrutar das mesmas prerrogativas ca os de número, aínda que non poderán ser elixidos para o desempeño de cargos directivos, con excepción dos que se refiren aos das seccións da Real Academia.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

3. Son dereitos dos membros de honra:

a) O tratamento de Ilustrísimo señor.

b) Asistir, con voz, pero sen voto, ás xuntas xerais ordinarias sempre que sexan convocados expresamente a elas.

4. Son dereitos dos correspondentes:

a) Formar parte das seccións e comisións para as cales foron nomeados, con voz e voto, de acordo coa normativa recollida no Regulamento de réxime interior.

b) Percibir con cargo aos fondos da corporación os gastos derivados da súa participación en actividades encomendadas pola Real Academia ou en representación dela.

c) Asistir, con voz, pero sen voto, ás xuntas xerais sempre que sexan convocados expresamente a elas.

Artigo 12. *Deberes dos académicos e académicas*

1. Son deberes de todos os académicos:

a) Cumprir os estatutos, o regulamento e os acordos da corporación naquilo que os afecte e contribuír ao progreso da ciencia e ao prestixio da Real Academia e da profesión farmacéutica.

b) Contribuír aos fins da Real Academia coa organización de conferencias, relatorios, mesas redondas e sesións científicas ou de divulgación.

c) Asistir ás sesións inaugurais dos cursos académicos, ás sesións de ingreso de novos membros, ás sesións *in memoriam* dos falecidos e ás reunións das seccións e das comisións a que pertenzan, agás para os membros da Real Academia non residentes en Galicia, ou cando concorran causas xustificadas.

d) Redactar e ler o discurso de ingreso no prazo establecido no Regulamento de réxime interior.

e) Doar á biblioteca da Real Academia, tras a súa toma de posesión, 25 exemplares do seu discurso de ingreso e un arquivo en formato dixital.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 224 | Luns, 25 de novembro de 2019 | Páx. 50099

f) Comunicar periodicamente todos os datos de carácter académico que poidan servir para documentar o seu arquivo persoal, que será custodiado na secretaría.

2. Son deberes dos membros de número e de número eméritos:

a) Ler o discurso de inauguración do curso académico cando, por orde de antigüidade, lles corresponda.

b) Asistir ás xuntas xerais, agás os eméritos non residentes en Galicia.

c) Elaborar os informes e estudos que lles encomende a corporación.

3. É deber dos membros correspondentes participar nas actividades das seccións e comisións nas que sexan designados, e cumprir as encargas que se lles confíen.

Artigo 13. *Baixas e incumprimento das obrigas*

1. Os académicos causarán baixa por petición propia, e quedará vacante a súa praza.

2. O reiterado incumprimento, sen causa xustificada, das obrigas estatutarias ou regulamentarias, poderá dar lugar ao establecemento de medidas disciplinarias que poden implicar a perda da condición de académico, de acordo coas previsións que se establezan no Regulamento de réxime interior.

Artigo 14. *Distintivos*

1. Os compoñentes da Real Academia usarán como distintivo da súa condición a medalla descrita no artigo 5.1. A medalla será custeada por eles mesmos, con excepción dos de honra, e será da súa propiedade.

2. Os de número usarán a medalla oficial sostida por un cordón dobre trenzado, de cor morada e ouro.

3. Os de número eméritos manterán a súa medalla.

4. Os de honra usarán a medalla oficial sostida por un cordón de cor dourada.

5. Os correspondentes usarán a medalla oficial sostida por un cordón trenzado, de cor morada.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6

## CAPÍTULO III
## Do réxime interior

Artigo 15. *Xunta xeral*

1. A xunta xeral é o órgano soberano da corporación e dela deriva a autoridade delegada da xunta de goberno. Está integrada por todos os membros de número e de número eméritos.

2. A xunta xeral reunirase en sesións ordinarias e extraordinarias. De forma ordinaria reunirase, polo menos, no primeiro trimestre do ano. De forma extraordinaria, reunirase por decisión do presidente da Real Academia, por solicitude da xunta de goberno ou cando o solicite por escrito un mínimo dun terzo dos compoñentes que a forman, con indicación dos asuntos que se vaian tratar. A xunta xeral extraordinaria conterá un só punto na orde do día.

3. O procedemento para a constitución e o desenvolvemento das sesións das xuntas xerais ordinaria e extraordinaria aterase ás normas previstas no Regulamento de réxime interior.

4. Son atribucións da xunta xeral ordinaria:

a) A aprobación dos orzamentos e contas.

b) A convocatoria de premios.

c) A aceptación de doazóns.

d) O establecemento de relacións científicas e culturais con outras institucións.

e) O tratamento de todos aqueles asuntos que lle sexan propostos pola xunta de goberno.

f) A elección dos académicos correspondentes

5. Son atribucións da xunta xeral extraordinaria:

a) A aprobación das propostas de modificación dos estatutos, así como a aprobación e modificación do Regulamento de réxime interior.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6

b) A elección dos cargos da xunta de goberno da súa competencia.

c) A elección dos académicos de número e dos de honra.

d) A aprobación e aplicación de medidas disciplinarias nos casos e forma previstos no Regulamento de réxime interior.

e) A resolución de todos aqueles asuntos que lle sexan propostos pola presidencia, pola xunta de goberno ou por un mínimo dun terzo do total dos membros numerarios que a forman.

Artigo 16. *A xunta de goberno: composición*

1. A Real Academia será rexida por unha xunta de goberno constituída polos seguintes cargos:

a) Presidencia.

b) Vicepresidencia.

c) Secretaría.

d) Vicesecretaría.

e) Tesouraría.

f) Responsable da biblioteca.

g) Presidencias das seccións.

2. A provisión dos cargos da presidencia, secretaría, tesouraría e presidencias das seccións será obrigatoria.

Artigo 17. *A xunta de goberno. Elección de cargos e duración de mandatos*

1. A elección dos cargos da xunta de goberno é competencia da xunta xeral, reunida en sesión extraordinaria, agás as presidencias das seccións, que serán elixidas por elas. As persoas que sexan titulares dos ditos cargos teñen a condición de membros natos da xunta de goberno mentres os desempeñen.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6

2. Calquera membro de número poderá presentarse libremente como candidato á presidencia da Real Academia encabezando unha candidatura co resto dos cargos da xunta de goberno, entre os cales, polo menos, figurarán as persoas que se propoñan para os cargos da Secretaría e da Tesouraría.

3. A xunta xeral extraordinaria onde se produza a elección dos cargos da xunta de goberno quedará validamente constituída pola presenza de máis da metade do total dos seus compoñentes. Para resultar elixida unha candidatura necesitarase obter en primeira votación máis da metade dos votos emitidos, incluídos os enviados por correo ou por calquera outro medio que garanta a súa confidencialidade. Se en primeira votación non resulta elixida ningunha candidatura, realizarase na mesma sesión unha segunda votación, na cal será necesario obter o voto favorable da maioría simple dos votos dos membros presentes. De concorrer máis de dúas candidaturas, a esta segunda votación só terán acceso as dúas que obtivesen maior número de votos na primeira votación. O procedemento que se seguirá será o que determine o Regulamento de réxime interior.

4. Os cargos terán unha duración de catro anos, reelixibles por unha soa vez consecutiva.

5. Os cargos que por vacante se cubran iniciado o cuadrienio cesarán ao final do mandato para o cal foron elixidos. O procedemento para cubrir os cargos vacantes aterase ao disposto no Regulamento de réxime interior da Real Academia.

Artigo 18. *A xunta de goberno: atribucións*

Son atribucións da xunta de goberno as seguintes:

a) Administrar e representar a Real Academia.

b) Estudar e propoñer á xunta xeral extraordinaria a modificación dos estatutos e do Regulamento de réxime interior.

c) Emitir informe sobre as contas e os orzamentos que vaian ser sometidos para a súa aprobación pola xunta xeral ordinaria.

d) Acordar a convocatoria das prazas vacantes de membros de número e correspondentes.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6

e) Propoñer á xunta xeral o nomeamento de académicos de honra.

f) Admitir a renuncia dos seus membros e proceder á súa renovación de acordo co establecido no Regulamento de réxime interior.

g) Iniciar os procedementos disciplinarios ante a comisión de conflitos.

h) Designar os compoñentes que formarán parte das comisións permanentes ou temporais, os representantes ante outras institucións e os encargados de servizos xerais da propia Real Academia.

i) Nomear e cesar o persoal contratado.

j) Adoptar todos aqueles acordos que considere convenientes en relación cos fins da Real Academia.

k) Resolver as cuestións de trámite.

Artigo 19. *Presidencia e Vicepresidencia*

1. A persoa titular da Presidencia da Real Academia é a máxima autoridade da corporación e represéntaa ante calquera entidade pública ou privada, ou persoa física ou xurídica.

2. Son atribucións da Presidencia:

a) Facer cumprir o previsto nos estatutos e no regulamento da Real Academia, así como os seus acordos.

b) Establecer o calendario das actividades académicas.

c) Fixar a orde do día da xunta de goberno e das xuntas xerais.

d) Convocar, presidir e, se for necesario, suspender as reunións.

e) Facer uso do voto de calidade, en caso de empate, nas votacións da xunta de goberno e da xunta xeral.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

f) Asinar a correspondencia oficial que así o requira, os títulos dos académicos, os convenios subscritos con outras institucións, e os informes e documentos emanados da Real Academia.

g) Asinar as actas e certificados xunto coa persoa titular da Secretaría.

h) Aceptar os ingresos e aprobar os gastos da Real Academia.

i) Ordenar pagamentos, abrir ou cancelar contas bancarias e asinar talóns bancarios.

j) Outorgar poder a avogados e procuradores para que actúen ante xulgados e tribunais en defensa dos intereses da corporación.

k) Remitir ás seccións os asuntos da súa competencia, dando conta diso na primeira xunta xeral ordinaria que se realice.

l) Aqueloutras que lle sexan delegadas pola xunta xeral.

3. A Vicepresidencia auxiliará a Presidencia no exercicio das súas funcións e asumirá a suplencia temporal desta nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.

Artigo 20. *Secretaría e Vicesecretaría*

1. Son funcións da Secretaría as seguintes:

a) Redactar as actas das sesións e a execución dos acordos da corporación.

b) Custodiar os libros de actas e os documentos oficiais, así como o arquivo da Real Academia.

c) Exercer a xefatura do persoal contratado.

d) Expedir os certificados e tramitar os acordos tomados.

e) Asinar as actas, certificacións e títulos xunto co presidente.

f) Redactar a memoria anual da corporación.

g) Abrir ou cancelar contas bancarias e asinar talóns bancarios.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6

h) Convocar reunións en nome da Presidencia ou dos membros de número que así o soliciten no marco regulamentario, e velar polo cumprimento dos acordos recollidos nas correspondentes actas.

i) Levar un rexistro xeral de todos os compoñentes da Real Academia.

2. A Vicesecretaría auxiliará a Secretaría no exercicio das súas funcións e asumirá a suplencia temporal desta nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.

Artigo 21. *Tesouraría*

A persoa titular deste cargo asume a administración e a custodia dos fondos e valores da Real Academia. En función desa responsabilidade, informará a Presidencia, a xunta de goberno e a xunta xeral da situación financeira da corporación. Como habilitada desta para todos os efectos, poderá abrir ou cancelar contas bancarias e asinar talóns bancarios conxuntamente coas persoas titulares da Presidencia e da Secretaría. Presentará os orzamentos de cada exercicio e as contas do anterior á xunta de goberno, esta emitirá informe sobre elas e elevaraas á xunta xeral ordinaria para a súa aprobación. Cando cese ou dimita, deixará un inventario de fondos a quen a suceda no cargo.

Artigo 22. *Biblioteca*

A persoa titular da biblioteca terá ao seu cargo a custodia e a organización desta. Será a encargada de propoñer a adquisición de libros e revistas para a biblioteca, así como de establecer os intercambios de publicacións que procedan. No caso de creación dunha comisión de publicacións, exercerá a presidencia desta e asumirá a dirección das posibles publicacións periódicas que realice a corporación.

Artigo 23. *Das seccións: número, composición e funcións*

1. A Real Academia de Farmacia de Galicia poderá estruturarse organicamente en seccións, co número e coa orientación que acorde a xunta xeral ordinaria.

2. Cada sección estará composta por compoñentes de número, de número eméritos e correspondentes, todos eles con dereito a voto. Cada membro deberá pertencer obrigatoriamente a unha ou a dúas seccións.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

3. A presidencia de cada sección corresponderá ao académico de número ou de número emérito residente en Galicia que resulte elixido polos seus compoñentes de acordo co procedemento establecido polo Regulamento de réxime interior. A persoa titular da presidencia da sección terá a condición de membro nato da xunta de goberno e en ningún caso poderá compatibilizar a presidencia con calquera outro cargo electo desta. A secretaría da sección será cuberta pola persoa designada pola presidencia desta de entre os seus membros con residencia en Galicia.

4. Corresponderá ás seccións informar sobre os asuntos que a xunta de goberno lles encomende, así como promover a organización de actividades científicas de interese por si mesmas ou en colaboración con institucións docentes, colexios profesionais ou outros organismos. Para o desenvolvemento destas actividades, aplicarase o disposto no Regulamento de réxime interior.

Artigo 24. *Das comisións*

Para un funcionamento máis áxil e participativo, a Real Academia promoverá a creación de comisións cuxa misión, composición e funcións se especificarán no Regulamento de réxime interior.

Artigo 25. *Do persoal administrativo e contratado*

A Real Academia poderá contratar con cargo aos seus orzamentos o persoal que considere necesario para o seu funcionamento.

CAPÍTULO IV
**Patrimonio e réxime económico**

Artigo 26. *Do patrimonio*

O patrimonio da Real Academia de Farmacia de Galicia está composto polo capital e os recursos financeiros propios, o mobiliario da súa sede oficial, os fondos bibliográficos e o arquivo. Incorporaranse ao seu patrimonio todos os obxectos de interese científico, histórico, artístico ou cultural procedentes de compra ou de doazón que sexan aceptados en xunta xeral ordinaria, dos que se fará un inventario, con indicación expresa, de ser o caso, dos doadores.

A Real Academia poderá aceptar cesións temporais de calquera clase de bens.

A Real Academia ten o deber de conservar o seu patrimonio no mellor estado posible.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6

DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 224 | Luns, 25 de novembro de 2019 | Páx. 50107

Artigo 27. *Capital e recursos financeiros*

Os fondos da Real Academia están compostos:

a) Polos recursos propios.

b) Polas subvencións oficiais e as doazóns de entidades públicas e privadas ou calquera tipo de persoa física ou xurídica.

c) Por todas aquelas cantidades que a corporación ingrese por calquera outro concepto.

Artigo 28. *Xestión dos recursos financeiros*

1. A persoa titular da tesouraría dará conta á xunta de goberno e á xunta xeral ordinaria das subvencións recibidas e das cantidades ingresadas directamente na primeira reunión que se realice logo da recepción.

2. Os recursos financeiros serán administrados pola xunta de goberno.

Artigo 29. *Aplicación de recursos*

A Real Academia de Farmacia de Galicia investirá os seus recursos na forma máis conveniente para o cumprimento dos seus fins, dentro das normas da lexislación vixente.

Artigo 30. *Contabilidade*

1. A tesouraría da corporación levará control detallado de todos os movementos contables e renderá contas deles á xunta de goberno e á xunta xeral ordinaria.

2. Así mesmo, a Real Academia de Farmacia de Galicia renderá contas á Xunta de Galicia das cantidades das que puidese ser beneficiaria e que estean consignadas no orzamento de calquera das súas consellerías, así como a calquera outra entidade oficial que o requira.

3. A apertura e o peche das contas bancarias corresponden conxuntamente ao presidente, secretario e tesoureiro. Os talóns bancarios expedidos pola Real Academia deberán estar asinados, polo menos, por dous dos tres titulares das contas.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

CAPÍTULO V

**Da actividade da Real Academia de Farmacia de Galicia**

Artigo 31. *Clases de reuniόns*

A Real Academia reunirase en sesións públicas e privadas.

a) As sesións públicas celebraranse de acordo co Regulamento de réxime interior.

b) Son sesións públicas ordinarias as conferencias, discursos, seminarios, presentación de estudos, mesas redondas e calquera outra que decida a xunta de goberno.

c) Son sesións públicas extraordinarias as de carácter solemne, en particular as aperturas de curso, a toma de posesión da persoa titular da Presidencia da Real Academia, así como dos membros de número, de honra e correspondentes, as sesións necrolóxicas, as de homenaxes, entrega de premios e distincións, e calquera outra que requira especial solemnidade a xuízo da xunta de goberno. O protocolo destas sesións públicas solemnes aterase ao que figure no Regulamento de réxime interior.

d) Son sesións privadas as xuntas xerais e de goberno, así como as das seccións e comisións.

Artigo 32. *Presidencia das sesións públicas*

1. Nas sesións públicas, tanto ordinarias como extraordinarias, a presidencia corresponderá ao titular da Presidencia da corporación, agás naquelas ocasións en que estea presente o titular da consellería a que estea adscrita a Real Academia, ou sexa de aplicación a normativa de protocolo da Xunta de Galicia ou do Estado. En calquera caso, de non presidir a sesión, o titular da Presidencia da Real Academia ocupará na mesa presidencial o lugar situado á dereita de quen a presida. A persoa titular da Secretaría sempre terá reservado un lugar na mesa.

2. Terán lugar reservado na mesa presidencial, ou nun lugar destacado do estrado, as autoridades que determine a xunta de goberno.

Artigo 33. *Relacións institucionais*

A Real Academia de Farmacia de Galicia manterá relacións coas academias autonómicas, nacionais e estranxeiras, coas universidades, especialmente coas facultades de



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Farmacia, así como coas organizacións farmacéuticas e todo o que represente o exercicio da profesión farmacéutica. De xeito moi particular, esas relacións orientaranse ao ámbito de Galicia.

CAPÍTULO VI

**Da reforma dos estatutos e da disolución da Real Academia**

Artigo 34. *Reforma dos estatutos*

1. Os estatutos da Real Academia de Farmacia de Galicia poderán ser reformados por proposta da xunta de goberno ou por iniciativa de, polo menos, un terzo do total dos membros de número e de número eméritos con indicación do sentido da modificación.

2. A xunta de goberno remitirá aos académicos de número e de número eméritos o texto da reforma proposta, e abrirá un prazo de trinta días para a presentación de emendas.

3. O texto da reforma, xunto coas emendas, levarase á xunta xeral extraordinaria e necesitará, en votación única, o voto favorable de, polo menos, dous terzos dos seus compoñentes, incluídos os votos enviados por correo ou por calquera outro medio que garanta a súa confidencialidade.

4. Aprobada a modificación, a xunta de goberno presentaraa á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para a súa aprobación.

Artigo 35. *Disolución da Real Academia*

1. Por proposta da xunta de goberno ou dun terzo dos membros de número e de número eméritos poderase iniciar o proceso de disolución da Real Academia.

2. A proposta de disolución levarase a unha xunta xeral extraordinaria convocada para o efecto e, para a súa aprobación, requirirase o voto favorable, en votación única, de polo menos dous terzos do total dos seus compoñentes, entre os cales se incluirán os votos enviados por correo ou por calquera outro medio que garanta a súa confidencialidade.

En caso de disolución da Real Academia, todos os seus bens se transferirán a institucións que garden relación cos fins da Real Academia, logo de aprobación da xunta xeral e do compromiso de aceptación por parte daquelas que resulten beneficiadas.

CVE-DOG: guapccs6-dni8-w530-l3k8-y4ifl3fmybu6